



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE AGOSTO DE 2019**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLE**

**LAP/277/2018.- CARLOS GUERRA SANTOS.-** Conceder licenza de obras de reestruturación de vivenda unifamiliar para dedicala a vivenda de uso turístico no LG da Sionlla, 23.

**1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á concesión da licenza de obras de reestruturación de vivenda unifamiliar para dedicala a vivenda de uso turístico no LG da Sionlla-23. LAP/277/2018.** Concédese a licenza.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aceptación da doazón dun lenzo sobre óleo do retrato do ex alcalde de Santiago don Francisco Javier Vázquez, pintado por Elvira Santiso.** Acéptase a doazón do devandito cadro a cargo de María Concepción Vázquez de Benito, neta do ex alcalde.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á liquidación do contrato para a execución das obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar.** Dáse traslado do informe de liquidación do devandito contrato á empresa contratista, Asfalgal Técnicas Viarias, SL, á que se lle concede un prazo de 15 días hábiles para formular alegacións.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación da acta de prezos contraditorios das obras de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020.** Apróbase a acta de prezos emitida o 16 de xullo de 2019..

**5.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza de "Servizo de elaboración dun Plan Director de sustentabilidade e eficiencia enerxética 2020 do Concello de Santiago de Compostela".** Apróbase a devolución da fianza constituída pola empresa Fundación Instituto Tecnolóxico, por importe de 2.912,50 euros euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza de "Servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais".** Apróbase a devolución da fianza constituída pola empresa Laceria Servicios y Mantenimiento, SA, por importe de 37.976,74 euros.

**8.- Proposta da concellería delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago, en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade e o Concello de Santiago de Compostela, financiado nun 80% polo FEDER no marco do Programa Operativo de Crecemento intelixente (POCint) 2014-2020.** Adxudícase o devandito servizo á UTE Science & Innovation Link Office, SL – Red2Red Consultores, SL, por importe de 280.000 euros + IVE.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á aprobación do expediente de prestación do servizo de desratización do Concello de Santiago de Compostela; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e o gasto e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 23.916,28 euros/ano + IVE.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de prestación do servizo de cursos de formación no servizo de extinción de incendios e salvamento: Bombeiros de nova incorporación e de promoción interna a sarxento; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e o gasto e iníciase o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 46.000 euros + IVE.

**11.- Proposta da Alcaldía relativa á aceptación dunha subvención da Xunta de Galicia para actividades de información, orientación e busca de emprego para 2019.** Acórdase a aceptación da subvención, por un importe de 25.000 euros.

**12.- Dar conta pola concellería delegada de Centros Socioculturais do inicio dos trámites para o novo sistema de catalogación dos fondos bibliográficos da biblioteca José Saramago, que a Xunta de Galicia e AMETGA están a implantar na rede de bibliotecas de Galicia.** Dáse conta.